



FAQ. PREGUNTAS E RESPOSTAS FRECUENTES EN RELACIÓN COAS INSTRUCIÓNS DE XERENCIA VEIS DE 17/07/2017 E 03/01/2018.

1. Compra de material deportivo para a realización de cursos no CUFIE. Orzamento estimado de 553,57€ e 687,88€:

Este gasto debe imputarse á económica 221.08 “material deportivo e cultural”.

2. Gastos de autobús para que os/as alumnos/as dun centro participen nunha actividade deportiva:

Creouse unha orgánica específica para actividades culturais, deportivas e outras. Posteriormente cada centro deberá solicitar a alta da partida que necesite en función da natureza do gasto.

Neste caso a económica debe ser a 223.00 “transportes”.

3. Que se imputa á económica 226.02 “Información, divulgación e publicidade”:

A esta económica, ademais dos gastos recollidos na Resolución do 17/07/2017, imputaranse os gastos que correspondan a actividades de promoción da UDC para a captación de alumnado.

4. Gasto de inscrición a unha xornada do/a director/a do Observatorio Ocupacional:

Este centro ten no orzamento a partida de carácter instrumental: 03.00.03.11.422D 226.00.

Este gasto debe imputarse á económica 226.05 “relacións institucionais”, efectuando previamente unha redistribución de créditos.

Os gastos que se xeren por indemnizacións por razón de servizo (IRS) imputaranse á económica que corresponda en función da natureza do gasto (axudas de custo e gastos de viaxe).

5. Gastos de inscrición en xornadas e outras actividades no suposto de que o pago destas cotas sexa adiantado pola persoa que asiste á actividade:

Neste caso as facturas deben expedirse sempre a nome da UDC.

Cando se tramite o expediente gasto para o aboamento da contía adiada debe requirirse ao/á interesado/a a seguinte documentación: a acreditación documental de ter realizado previamente o pago da cota, a factura a nome da UDC e a xustificación da asistencia á actividade. Estes documentos formarán parte do expediente de gasto.

6. Gastos de asistencia dos/as membros dunha comisión dunha praza de PDI:

As asistencias ás sesións de selección para prazas de PDI financiaranse con cargo á económica 233.02 “prazas PDI”, tal e como se recolle na Instrución de Xerencia do 09/11/2006, que establece a procedencia do aboamento destas asistencias.

Os gastos de Indemnizacións por razón de servizo imputaranse á económica que corresponda en función da natureza do gasto (233.02.01- axudas de custo tribunais prazas PDI // 233.02.02 gastos de viaxe prazas PDI).



7. Gasto pola subministración de radiadores, por un importe de: 69,69€+IVE (importe total 168,65€ IVE engadido):

Este subministro debe imputarse á económica 221.13 “pequeno equipamento non inventariable”.

8. Gasto pola subministración dunha tableta (tablet) por un importe inferior a 300€:

Este subministro debe imputarse á económica 626.00 “sistemas para proceso de información” e proceder a súa alta no inventario.

9. IRS do persoal voluntario da OCV:

A imputación destes gastos se efectuará co mesmo criterio que as IRS de persoal alleo á UDC.

10. Gasto polas cotas de participación en feiras por parte da UDC:

Estes gastos deben imputarse á económica 226.05 “relacións institucionais”.

11. Gasto en bandas que se entregan aos alumnos con motivo dos actos de graduación:

Este gasto debe imputarse á económica 226.05 “relacións institucionais”.

12. Convocatoria de axudas para os membros da comunidade universitaria da UDC, para a educación, desenvolvemento, sensibilización e participación social:

Esta convocatoria debe imputarse ao artigo 48 “a familias e institucións sen fins de lucro”, efectuando unha desagregación económica en función do colectivo ao que corresponda cada beneficiario.

13. Consulta de VEPEU sobre un contrato menor de clases de canto, coral e dirección do coro da UDC:

Este gasto debe imputarse á económica 227.06 “estudos e traballos técnicos” e á orgánica específica para as actividades culturais, deportivas e outras 03.00.AC.DO “VEPEU. Actividades culturais, deportivas e outras”.

14. Gasto do servizo dun controlador:

Este gasto debe imputarse á económica 227.99 “outros”.

15. Imputación dunha folia de pedimento para unha comida de reunión do xurado do Premio UDC Deportes 2017 no que asistirán membros da UDC (equipo de goberno, persoal administrativo, persoal eventual da UDC e persoal alleo) e representantes de diversos xornais:

De tratarse dunha actividade relacionada coa representación da UDC como institución o gasto debe imputarse á económica 226.05 “relacións institucionais”.

16. Gastos dunha reunión staff week e outras reunións:

Tal e como indica na Resolución do 17/07/2017 os gastos derivados de reunións poden imputarse á 226.06, sempre e cando se acredite no expediente:



"Gastos da organización e realización por parte da UDC de conferencias, asembleas, congresos, simposios, seminarios, convencións e reunións análogas, no territorio nacional ou no estranxeiro. Poden incluírse os pagamentos aos relatores polas súas intervencións, así como os gastos de viaxe e estadía destes, se así fose pactado. Tamén se poden imputar o alugamento de salas e a contratación de tradutores, azafatas e comidas de asistentes, *sempre que fosen presupostados e se inclúan nos programas*".

17. Gasto dunha inscrición no VII encontro de APUNE (Asociación de Programas Universitarios en España):

Este gasto debe imputarse á económica 226.05 "relacións institucionais".

18. Gastos de viaxes de formación do alumnado:

Estes gastos deben imputarse na orgánica: 77.00.OV.FA "EU Politécnica. Viaxes formación alumnado".

No caso de que outro centro de gasto precise imputar estes gastos a apertura da orgánica seguirá o criterio: XX.XX.OV.FA.

19. Compra de pequeno material informático (auriculares + micrófono, rato/s, disco duro, webcam):

Estes gastos deben imputarse á económica: 220.02 "material oficina informático non inventariable".

20. Preparación e organización do FITEUC e xiras do espectáculo da Aula de Danza na Normal. Impartir un obradoiro de danza na Normal. Actividades de preparación dun espectáculo de danza na Normal:

En ausencia de orzamento que clarifique os gastos indicados, como norma xeral, si as actividades se contratan cunha empresa ou profesional que se dedique de forma habitual a prestar estes servizos, deberán imputarse á económica 227.06 "estudos e traballos técnicos".

En caso contrario, deberán imputarse á 226.06 "reunións, conferencias e cursos".

21. Contratación dun servizo de asistencia a alumnos con diversidade funcional:

A contratación destes servizos deberá imputarse á económica: 227.06 "estudos e traballos técnicos". Debe manterse a orgánica vinculada ao programa ADI.

22. Adquisición de pequeno equipamento informático con cargo a fondos de grupos de investigación:

Para o financiamento propio a grupos de investigación, hai que ter en conta que no expediente de gasto debe existir unha vinculación coa investigación, tal e como se require na Instrución do 17/07/2017:

económica 649.00 "fondos de investigación da universidade".

Igualmente poderán imputarse os gastos correntes necesarios para levar a cabo a investigación, como as adquisicións de bens funxibles para os laboratorios ou de repostos para máquinas dos laboratorios, e a adquisición de material funxible tanto para os laboratorios como para o funcionamento dos grupos

Sempre que se acredite esta vinculación o gasto deberá imputarse á económica: 649.00.05 "material funxible dos fondos de investigación, agás material laboratorio".

No caso dun disco duro o importe non poderá ser superior a 300€, incluídos os impostos non deducibles.



23. Imputación de gastos de publicacións periódicas, tales como revistas impresas e electrónicas, ¿deben imputarse no 2018 á económica 628.00 ou á 628.03 como viñamos facendo ata agora?

Deben imputarse con cargo á 628.00 que é a única económica válida segundo se establece na resolución conxunta de Xerencia -VEIS do 03/01/2018.

24. Creouse o concepto económico 220.05 para gastos de subscricións a publicacións periódicas. Se os cartos de biblioteca están na 628.00 ¿cómo debemos proceder para pasar os importes que correspondan de capital a correntes?

As económicas 220.04 e 220.05 están vinculadas aos gastos do servizo de bibliotecas. Os centros utilizarán a 628.00 de fondos bibliográficos e documentais de cada centro.

25. Un gasto de consultoría e asesoramento para a execución das actividades investigadoras dun grupo que pertence á rede de investigación financiado pola xunta, qué clasificación económica lle corresponde ¿649.02.04 outros gastos ou 649.02.16 consultoría e asesoramento externo?

Imputar a económica 649.02.16 consultoría e asesoramento externo

26. O crédito inicial nas aplicacións dos centros das 226.09 Actividades culturais, deportivas e outras, ¿pódese solicitar transferencia deste crédito inicial ás novas partidas coas orgánicas creadas XX.XX.AC.DO, para así facer redistribucións ás aplicacións económicas que correspondan segundo a natureza do gasto? ¿habería que pedir transferencia cada vez que se realiza un gasto con cargo a estos fondos?

É redistribución de créditos, non transferencia. Debe efectuarse a medida que se xere gastos por esta actividade, imputándoos á económica que corresponda en función da natureza do gasto.

27. Axuda da Vicerreitoría de Estudantes para a delegación de alumnos, se esta axuda financia aloxamento (sen dietas) de estudantes que veñen de fora. ¿onde se imputaría este gasto?

Se non son estudantes da UDC irá á XX.XX.AC.DO.300C.230.11

28. ¿A qué económica teríase que imputar o canon LPI (canon dixital) correspondente á compra dunha tablet?

A UDC ten exención do canon dixital segundo certificado da UDC de data 16/08/2017



29. ¿Onde teño que imputar o gasto dunha actividade formativa como o pago dunhas entradas para visitar unha aula de dos profesores y 15 alumnos?

Para estes gastos creouse o concepto económico 226.21 ACTIVIDADES FORMATIVAS ALUMNADO

30. ¿A qué orgánica e económica irían as inscricións de dous representantes de estudantes nunha asemblea de estudantes?

Orgánica: XX.XX.AC.DO

Económica: 226.04 neste concepto irían todas aquelas inscricións dos colectivos de PAS, PDI e estudantes que non teñan ningunha relación institucional coa universidade e que por tanto non estarían incluídos no concepto 226.05

31. ¿Onde deben imputarse as inscricións a congresos e adhesións a sociedades nos proxectos de investigación?

Estas deben imputarse ao concepto económico 649.02.02 e non 649.02.04

32. Nun título propio ao desaparecer o concepto 226.06.04, en cal ou cales se tramitarán as retribucións da dirección e docencia do curso?

Para os gastos en xeral do título propio sería o concepto económico 226.06 Reunións, conferencias e cursos

No caso de tramitación de gastos para persoal propio regulado na Instrución da xerencia para cubrir o formulario de cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc e tramitar os gastos derivados destas actividades de data 23/05/2017 en su apartado b)

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2017/000924/document?logicalId=efa5c21e-ad76-4fb4-b238-6f2b50ecb35d&documentCsv=1P7KAHDHO9LQV8QO47GU1NKB imputase o gasto ao concepto:

- 151.04 Gratificacións de persoal. Cursos, conferencias, relatorios, seminarios, etc
- 151.04.01 Gratificacións persoal PAS. Cursos, conferencias, relatorios, seminarios, etc
- 151.04.02 Gratificacións persoal PDI. Cursos, conferencias, relatorios, seminarios, etc

33. A qué subconcepto económico debe imputarse unha “prestación de servizos científicos” que leva a cabo un profesor da universidade dentro dun convenio asinado entre a UDC e unha Fundación, que antes da entrada en vigor da resolución da Xerencia do 17/07/2017 imputábase ao subconcepto 640.00 "convenios e contratos" e que devolveron sen fiscalizar do Servizo de Intervención por imputación incorrecta.

O concepto a imputar o gasto sería 640.00.03 Retribucións e complementos salariais.



34. A oficina para a Igualdade de Xénero vai a celebrar o XI Encontro de Unidades de Igualdade. Aos asistentes se lles vai a ofrecer unha visita guiada polo centro da cidade que se vai encargar a unha empresa, a que concepto económico se imputaría o gasto?

Se as actividades se executan mediante contrato con empresas externas ou profesionais independentes, deberán financiarse, neste caso, con cargo a económica 227.12 “consultoría e asesoramento externo/contratación de servizos).

35. As conferencias organizadas polos grupos de investigación (pero que non chegan a ser un congreso ou unhas xornadas) e imputadas aos fondos dos grupos poden ir dentro da partida 649.00.01 congresos, xornadas de investigación ou seguir incluíndoas na partida 649.00.04 Gastos varios dos fondos de investigación?

Deben imputarse a económica que 649.00.01 “congresos e xornadas de investigación”.

36. Económica correcta para imputar gastos de viaxe e aloxamento do alumnado e do profesorado acompañante a unha actividade formativa ¿223.00?, ¿a que económica irían os gastos de aloxamento?

Efectivamente a contratación da viaxe colectiva procede imputala a económica 223.00. Os gastos de aloxamento, se están individualizados, poden tramitarse como dietas a favor de cada comisionado e coa factura xustificativa ao seu nome (neste caso como vostede indica as IRS están exceptuadas do CM).

No caso de tratarse dunha reserva colectiva para o aloxamento tramitarase como prestación de servizo (na económica que corresponda do 227).

No caso de tratarse dun servizo que deba realizarse de inmediato pode tramitarse como solicitude de prestación de servizo con cargo a ACF (tanto a contratación da viaxe como a o aloxamento). Nese caso acreditarase no expediente a premura do prazo para a contratación.

37. A que concepto económico dun proxecto iría o pagamento a conferenciantes?

Ao concepto económico 649.02.01 “organización actividades de difusión”

38. ¿Económica a que se debe imputar unha licenza de software na orgánica dun grupo de investigación?

De tratarse dun contrato polo cal unha empresa concede a universidade un permiso para o uso temporal limitado do software á 649.00.16.



No caso de ser unha adquisición se imputará á económica 640.07 e procederase ao seu inventario, conforme coa normativa da UDC.

39.- Se necesita saber si as viaxes de persoal alleo á UDC, como os conferenciantes e os profesores invitados, que se reservan mediante anexo 1-D de solicitude de prestación de servizos e con factura a nome da UDC, nos grupos de investigación se deben imputar na económica 649.00.13 para gastos de viaxe e 649.00.14 para o aloxamento ou ben na 649.00.16 de consultoría e asesoramento externo/contratación de servizos.

No caso que se proceda a contratación dos servizos dende a Universidade trátase dunha prestación de servizos. Polo que a imputación do gasto é a económica de consultoría e asesoramento externo/contratación de servizos:

- En proxectos: 649.02.16
- En fondos de investigación: 649.00.16
- Convenios e contratos: 640.00.01
- No capítulo II: 227.12

40.- ¿Cómo tramitar un gasto referente a tradución dun artigo que se lle vai a encargar a unha persoa física con cargo aos fondos propios do grupo de investigación? E por outro lado, a que partida orzamentaria imputamos dito gasto, sería a 649.00.04 gastos varios?

A tramitación é igual que calquera outro tipo de gasto por lo que se rexerá ao establecido na instrución de NLCSP, introducindo o importe do IVE no concepto ficticio 399999.

Salvo que sexa urxente polo que podería tramitarse por ACF e o impreso 1-D, sempre que se xustifique a súa necesidade inmediata.

Con respecto á imputación do gasto trátase dun servizo e se son fondos dun grupo de investigación sería a 649.00.16 Consultoría e asesoramento externo/contratación servizos

41.- O crédito que se lle otorgou ao centro dentro do programa "O teu futuro en boas mans..." está practicamente esgotado, polo que non é suficiente para tramitar todos os gastos relacionados coa Olimpiada de Robótica, organizada no Centro para a captación de alumnos de secundaria.

Por isto, quería consultar se:

1. para tramitar os gastos relacionados con esta actividade, debería imputalo á partida 7700 300C 226.02 ou a partida 7700ACDO 300C 226.02

Á partida 7700.ACDO.300C.226.02



2. De acordo coa resposta núm. 3 da FAQ, calquera gasto relacionado coa difusión iría neste subconcepto 226.02. Isto incluíría os bocadillos cos que se convida aos participantes?

Si, sempre que este gasto se enmarque dentro da actividade de difusión concreta e se recollan todos os gastos nun orzamento.

42.- En relación al custo dos servizos de vixilancia para apertura da Aula Náutica os sábados, con motivo da celebración dun Curso de Posgrao.

Indícanos dende Patrimonio que debemos abonar o custo de ditos servizos con cargo ao curso.

Sen embargo e ao igual que ocorría noutras instalacións da UDC, entendemos que o custo dos mesmos debe ir con cargo ao centro no que se imparte, pois dende o curso xa facemos unha contribución á partida do centro para que corra precisamente con estes gastos marxinais que xera o curso, de acordo coa normativa da UDC (Art. 43, Puntos 1 y 3 do Regulamento de Estudios de Posgrao da UDC). Si non fora así, estaríamos realizando unha dobre imputación de custos ao curso de posgrao.

Solicitamos unha aclaración sobre esta situación para evitar una duplicidade de custos no curso.

De acordo ao art. 43.3 do regulamento de estudios de posgrao "o resto destinarase para o financiamento de gastos xerais", polo que o gasto dos servizos de vixilancia pódese imputar aquí sempre e cando este % permita afrontar a contía dos gastos que nos indica.

Se non fose suficiente terían que pagalo con cargo a ese curso.

43.- Temos que tramitar un gasto correspondente a unha reparación dun portátil dunha profesora do centro. A man de obra corre por conta do CAU pero a facultade ten que pagar o disco duro interno que se lle cambiou ao equipo por un importe de 520 euros.

Dubidamos se imputar este gasto na partida 216.00 debido a que o que aparece no orzamento non é a reparación en si, senón a peza cambiada; ou ben á 626.00 aínda que se trate dun compoñente interno dun equipo xa inventariado.

Achegamos orzamento entendendo que debe facerse como contrato menor co impreso I-B.

O expediente de gasto procede imputalo á económica 626.00 Sistemas para procesos de información.

Dado que se trata da substitución dun elemento unicamente procederá ao seu inventario no caso de que supoña un incremento de valor do ben xa inventariado na universidade.



No caso de que a reparación sexa urxente pode utilizarse o modelo 1-D da Instrución de 24/04/2018, procedendo a tramitación por ACF.

44. a) Tramitación dos gastos de desprazamento dos membros dos proxectos REDES da Xunta que son da USC ou da UVigo, entendo que debo tramitalos como indemnizacións por razón de servizo.

Para este caso lémbrense os criterios de imputación publicados na web

http://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/_galeria_down/xerencia/FAQ/2018_nuevos_conceptos_econ_anexo_II.pdf

Nestes casos aconséllase a tramitación como IRS, por tratarse dunha comisión de servizo motivada pola/s actividades concretas que realice o comisionado na UDC ao abeiro do proxecto que se indica (debe tratarse dunha actividade financiable para o proxecto).

Se non é factible a opción anterior, é posible que dende a universidade se contraten e paguen os gastos de viaxe e aloxamento (neste caso non se trata dunha IRS polo que cubrirase o impreso 1-D con reserva previa, tramitarase o pago a empresa por ACF e a imputación do gasto será á 649.02.18 "contratación de servizos por desprazamento"). O resto dos gastos nos que incorra directamente o comisionado se lle abonarán nas económicas correspondentes a compensación de gastos 649.02.15, etc, para esta compensación utilizarase o impreso "gastos que non teñan a consideración de comisión de servizo"

http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/xestion_economica/IMPRESO_AXUDAS_PERSONAL_ALLEO.pdf

Cando a UDC contrate os servizos de viaxe e/ou aloxamento o importe límite destes gastos é o que establece a normativa en materia de IRS para o grupo II da Clasificación de persoal.

Estas tramitacións efectuaranse en tanto as bases de execución dos proxectos financiados pola Xunta o permitan. O servizo de investigación manterá informados aos responsables tramitadores e aos IPs. No caso de dúbida aconséllase contactar co SERIN.

b) ¿Podo realizar o anticipo igual que ao persoal da UDC. É correcto así?

Non, os anticipos concédense ao persoal da UDC e que percibe as súas retribucións con cargo a Universidade.

O persoal alleo que veña comisionado presentará as facturas e documentos xustificativos ao seu nome para a tramitación das indemnizacións que lle correspondan, dentro do límite do grupo ao que pertenza. Non poderá superarse o importe previsto para o grupo II da clasificación de persoal das IRS. Neste caso é necesario tramitar o expediente con celeridade para compensar canto antes aos comisionados os gastos nos que incorreran. No caso de tramitarse o expediente de gasto como "pago directo", recoméndase que se solicite pagamento individualizado. Tamén é posible reintegrar as contías adiadas por ACF.



45.- Imputación de gasto pola compra dun equipo de luminiscencia, financiado por un proxecto de investigación.

Concepto 623. 01. Maquinaria

Adquisición das máquinas con que se faga a extracción, a elaboración ou o tratamento dos produtos que se empregan para a prestación de servizos que son necesarios para o desenvolvemento de actividades produtivas da UDC. Debe tratarse dun gasto financiable con cargo ao proxecto.

46.- Quen asina os documentos contables en caso de ausencia do responsable de asuntos económicos?

Para o suposto de ausencia do responsable de asuntos económicos, asinará o documento contable a persoa que o substitúa. Neste caso deberá indicarse no documento o nome e apelidos da persoa, posto na unidade económica do Centro e que asina por ausencia do RAE/NAE. Igualmente no campo da sinatura electrónica constarán o nome e apelidos do asinante e no apartado de observacións, o posto que desempeña na unidade económica e que asina por ausencia do titular do posto.

En caso de ausencia do RAE/NAE, a proposta asinarase polo/a Administrador/a. De non ser posible asinará a persoa que substitúa ao RAE/NAE.

Respecto á autorización de gastos e á firma de “autorización” de documentos que acompañen a expedientes de gasto de partidas orzamentarias (IP de proxectos, coordinadores de grupos de investigación, etc), a firma debe estar vinculada ao posto que desempeña. No caso de que no portafirmas non apareza, entón no campo de “observacións” deben recoller o cargo que ostentan como IP, coordinador, etc.

47.- Presentar en SEF facturas tramitadas por ACF

A partir desta data debe procederse segundo se indica:

Por defecto, UXXI-EC cando importa unha factura desde o PGEFe (SEF), crea o seu correspondente JG con tipo de pago: PD (pago directo). Cando o proveedor informa na factura do SEF correctamente o nº de expediente de UXXI-EC, e ademais coincide que éste é de tipo de pago ACF, na importación a factura queda entre as "Pendientes", é dicir o tramitador debe decidir se entra ou non en UXXI-EC. O tipo de error co que queda o JG en pendientes é "El tipo de pago de la factura no coincide con el del expediente".



Por isto o que deben facer os tramitadores é facer dobre-click sobre a factura pendente, irse a a pestaña "Administrativo" e ahí seleccionar ACF como tipo de pago e o seu acordo de ACF. Guardan o JG e queda todo correctamente.

Podería pasar que a factura, ao non estar no SEF informado o nº de expediente de UXXI-EC, non esté vinculada co seu expediente, tendo o JG como tipo de pago PD e o seu expediente ACF. Cando o tramitador o vincule e garde ol JG, salerá un error similar que se arreglaría igualmente cambiando o tipo de pago do JG.

48.- ADs negativos e expedientes de reserva negativos

Cando un expediente de gasto alcanza a fase de recoñecemento da obriga ("O"), ademais de facer o documento contable "O", ao mesmo tempo debe facerse o documento AD/ polo importe do IVE liberado e, de ser o caso, polo saldo que quede comprometido, una vez feito ol documento "O".

A mesma operación debe facerse no expediente de reserva, polos importes que correspondan en cada caso e través dos correspondentes expedientes de reserva negativos.

No caso de expedientes de reserva negativos (no caso de comprometido AD superior o recoñecemento de obriga O), ao facer o dito expediente negativo hai que introducir a parte de IVE ficticio que non se utilizou.

49.- Acotación de listado de documentos contables exentos de fiscalizar

Para evitar que salgan no mesmo listado os documentos asentados polo NAAEE/RAAEE e os documentos que na mesma data son contabilizados (polo tanto modificados por nós), tendes que facer a consulta paramétrica de documentos contables acotando por "fecha de asiento" na pestaña "otros datos" e NON por "fecha de modificación".

50.- Concepto 222.01

Ao concepto 222.01 imputaranse só os gastos derivados da adhesión á contratación da Xunta para servizos postais con Correos, tal e como recolle a Instrución da Xerencia e VEIS de 17/07/2018. Polo que non poden imputarse a contratación de servizos urxentes tipo J.C. Courier, MRW, Seur etc."

51.- O material informático non inventariable independentemente do seu financiamento, imputarase ao concepto económico "MATERIAL FUNXIBLE EXCEPTO MATERIAL DE LABORATORIO" e que son:

640.00.05 - 649.00.05 - 649.02.05